

## ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE ALEMÁN

CURSO 2021-2022

**Xustificación:** esta adenda xorde da necesidade de adecuación da Programación Didáctica anual ós cambios no procedemento de avaliación por mor da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos:

Análise das tarefas realizadas polos alumnos entregadas en tempo ben na clase ou ben nas plataformas habilitadas.

Instrumentos:

- Traballos individuais/en grupo.
- Actividades individuais.
- Powerpoints.
- Exercicios online.
- Kahoot.
- Cuestionarios sobre presentacións.
- Cuestionarios sobre textos de lectura.
- Xogos de rol.
- Puntualidade na entrega da tarefa.
- Hábito de traballo.
- Os traballos presentados con tradutor ou expresións de nivel superior non vistas na clase non se valorarán.

### - CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, o alumnado que ten aprobada a 3ª avaliación, realizará actividades de repaso, apoio, reforzo e afianzamento de coñecementos e destrezas adquiridas durante o curso. As actividades serán de recuperación para o alumnado suspenso.

Algunhas das actividades terán como temática a cultura e civilización dos países de fala alemá aproveitando que o departamento conta, grazas a ser centro PASCH, cun profesor de prácticas nativo e outros dous nativos máis que están a realizar un voluntariado. Ademais intentarase tratar temas transversais de interese para o alumnado. Se traballarán, na medida do posible, as catro destrezas en grupos pequenos co apoio dos nativos na aula: comprensión oral (auditiva), produción oral (oral), comprensión escrita (lectora), produción escrita (escrita). O tipo de actividades será diferente.

Do 13 ao 20 de xuño o alumnado de 4º da ESO realizará actividades fóra e dentro do centro co alumnado do intercambio do instituto de Leipzig, que estarán eses días en Lugo.

Nas clases de 3º e 4º da ESO aproveitaránse esas sesións tamén para a preparación dos exames de certificación do Goethe Institut co alumnado que se presente aos mesmos. Estes exames terán lugar en Lugo a finais de xuño.

Materials e recursos:

- No caso de alumnado que ten aprobada a 3ª avaliación: actividades elaboradas polas profesoras e outros membros do departamento. Para a elaboración de tales actividades usaránse os diferentes materiais facilitados polo Goethe Institut, como tamén aqueles recursos de diferentes páxinas web, por exemplo a de PASCH.net do Goethe Institut.
- No caso do alumnado suspenso se combinarán os libros de texto con actividades elaboradas polas profesoras do departamento segundo as necesidades deste alumnado.

#### **- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA ESO:**

##### **1. Procedemento para acadar a nota da 3ª Avaliación.**

O procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación será o mesmo ca nas outras avaliacións. Ao tratarse dunha materia de avaliación continua non se fará media entre as tres avaliacións.

##### **2. Procedemento para a recuperación dunha parte da materia nonsuperada.**

Ao tratarse dunha materia de avaliación continua aprobando a terceira avaliación recuperaríanse as anteriores. No caso de non aprobar a terceira se iría á avaliación final.

##### **3. Procedemento para a recuperación de toda a materia, é dicir, para o alumnado que ten todas as avaliacións suspensas.**

Alumnado ca terceira avaliación suspensa: se lle da a posibilidade de recuperación a través da realización de tarefas individuais na aula e na casa. Queda a criterio do profesor non valoralas cando se trata de tarefas presentadas cun nivel superior á media do alumno, podendo ser, ben copiadas ou ben feitas por outra persoa.

##### **4. Procedemento para acadar a nota final**

Alumnado coa 1ª, 2ª e 3ª avaliacións aprobadas: a cualificación final será a mesma ca da 3ª avaliación, xa que se trata dunha materia de avaliación continua e poderase subir ata medio punto no caso de traballar adecuadamente e realizar todas as tarefas. Ademáis o alumnado deberá mostrar interese e en ningún caso abandono pola materia, polo feito de tela aprobada. Queda a criterio do profesor a subida do medio punto.